

Movementos mapuche: antecedentes históricos

Víctor Naguil

Un dos movementos de base étnica máis importante no Continente Americano é o mapuche. Se ben o pobo mapuche está presente na Arxentina e Chile, é neste último país onde o seu protagonismo foi máis notorio. Aquí, o movemento presenta unha prolongada traxectoria histórica: xa en 1910, un cuarto de século despois da derrota militar e da perda da independencia mapuche, xorde a primeira organización moderna, a Sociedade Caupolicán Defensora da Araucanía.

Cun século de existencia, o movemento tivo por eixe principal a loita pola terra. Durante a radicación, tentando limitar o despoxo; terminada esta, opoñéndose á división das terras reduccionais e esixindo a devolución das usurpadas. A partir da última década do século pasado, o movemento foi levantando discursos e propostas que buscan a afirmación e o seu recoñecemento como pobo ou nación, a recuperación dun territorio mapuche histórico —o Wallmapu ou País Mapuche—, o seu autogoberno e o seu dereito á autodeterminación. O uso cada vez máis frecuente dun vocabulario propio dun movemento nacional evidencia a maior politización da reivindicación mapuche, reflectindo o tránsito desde un movemento étnico de forte base campesíña a un de carácter nacional.

Isto non sempre foi así. Desde as súas orixes e ata o golpe de Estado de 1973, o movemento mapuche tivo, globalmente, un carácter comunitario. Explicase, en primeiro lugar, pola minorización da poboación mapuche no seu propio territorio. En segundo lugar, pola dependencia ideolóxica e política que o movemento mapuche tivo, en maior ou menor grado, respecto dos partidos estatizacionais.

Xeopolítica dunha anexión

En 1818, ao saír das guerras de independencia, o Estado chileno esténdese desde o deserto de Atacama polo norte ata o río Biobío polo sur, que marca a fronteira co territorio mapuche independente, chamado polos hispano-crioulos Arauco ou a Araucanía. A provincia de Valdivia, ao sur da Araucanía, que se mantíña baixo o control hispano, pasará baixo a autoridade da República en 1820, e a provincia de Chiloé, inmediatamente máis ao Sur, será arrebatada á dominación española e anexada a Chile en 1826. A Araucanía, pola súa parte, seguirá independente como o fora dos españois, independencia recoñecida e ratificada polas autoridades coloniais en varios parlamentos e tratados coas autoridades mapuche, o último celebrado na localidade fronteiriza de Negrete, en 1803.

Non obstante, para o novo Estado nación, a poboación mapuche, esta ou non baixo a autoridade da República, era agora chilena, e chileno o territorio mapuche independente. Desde 1819 un decreto establece que os indíxenas “no sucesivo deben ser chamados cidadáns chilenos, e libres como os demais habitantes do Estado con quen terán igual voz e representación”. Por outra banda, a primeira Constitución republicana de 1822 establece no seu artigo 3º que “o territorio de Chile coñece por límites naturais: ao sur, o Cabo de Hornos; ao norte, o despoboado de Atacama; ao oriente, os Andes; ao occidente, o mar Pacífico”, englobando así o territorio mapuche. Esta definición dos límites do Estado será mantida no fundamental nas constitucións de 1823, 1828 e 1833, esta última vixente ao momento da ocupación da Araucanía.

Para as autoridades chilenas, a independencia mapuche é, sobre todo, un problema xeopolítico. A Araucanía é unha cuña que interrompe a continuidade territorial do país. Máis de 200 quilómetros de territorio mapuche separan Nacimiento, última posesión chilena polo Norte, da fortaleza San José, primeira posesión chilena na provincia de Valdivia, polo Sur. Para o Estado, a ocupación da Araucanía é dunha importancia estratéxica. A vontade existe: é só cuestión de tempo, de condicións políticas e de capacidade militar para a realizar.

O País Mapuche representa igualmente un interese económico. As terras da Araucanía son fértiles; a súa ocupación, colonización e explotación é un obxectivo sobre o cal hai consenso na sociedade chilena. A presión sobre a terra é forte, en particular na costa, a través dunha colonización espontánea por campesiños sen terra e a compra de terreos por grandes propietarios ou autoridades civís e militares da fronteira. A instalación de poboación chilena nas zonas fronteirizas do territorio mapuche é fonte de permanentes conflitos, pero a principal causa da guerra que periodicamente asola a fronteira son as continuas expedicións de rapina en territorio mapuche que organizan as autoridades chilenas.

O País Mapuche é rico, principalmente en gando. O territorio está densamente poboado, cruzado por rutas comerciais que se prolongan alén da Cordilleira dos Andes ata as Pampas do sur de Bos Aires. A actividade principal é a agricultura, que permite a autosuficiencia alimenticia. Hai ferreiros e forxadores, moitos deles wigka, tamén prateiros que confeccionan esa gran variedade de xoias e obxectos de prata propios da cultura mapuche. Selas de montar, bridas, estribos e esporas, xa sexan comúns ou con elementos de prata, son fabricados no País Mapuche, así como carretas, instrumentos de labranza e, nalgúns lugares, sidra, todo o cal alimenta un intenso comercio interior. A isto hai lle que engadir o comercio de alfareiría, o tráfico de produtos do mar a partir da costa e de sal e gando dende o Puelmapu, o territorio ao leste da Cordilleira dos Andes. O comercio coa sociedade wigka fronteiriza baséase na produción de ponchos e frazadas e, sobre todo, na crianza de animais, que serven de moeda de cambio (en mapuzugun, unha mesma palabra, *kullin*, designa tanto o gando coma o diñeiro). É neste gando o principal obxecto das razias chilenas.

Miles de cabezas son arreadas polo exército e os seus auxiliares en expedicións que non teñen outro obxectivo que a pillaxe, e serven principalmente para engrosar a fortuna das autoridades civís e militares da fronteira, que son ao mesmo tempo grandes terratenentes. Unha carta do logko Magiñ Wenu, Toki dos wenteche, ao presidente da República de Chile, Manuel Montt, ilustra a situación na fronteira en 1860:

“En novembro chegou outro intendente que chaman Villalón, e o día 24 na noite apareceu nas nosas terras traendo mil homes e mostrando canóns, e cairon enriba dos mapuches, bureanos, reinaquinos e murchenos e roubáronlles todos o seus animais, que non baixaría o seu número de nove mil cabalos, eguas, vacas e ovellas, e queimáronlles as súas casas e levaron canto encontraron nelas, porque alcanzaron ás familias que ían a se esconder nos montes. Os indios vellos e as indias que non puideron levar degoláronnos como cans. O mesmo Salvo fixo degolar a un indio, e despois de morto pasou á casa e levou o seu costal de prendas de prata que tiña o indio, e o gando que cargou ao lombo do seu cabalo; levaron algúns cativos para os vender”.

Ao final da súa carta, a autoridade mapuche é categórica co respecto ás ofertas das autoridades chilenas da fronteira: “A miña nación non fará nunca a paz con Villalón, Salvo, Sepúlveda e Fernández”⁽¹⁾.

A ocupación militar da Araucanía

Para reafirmar a súa soberanía sobre o territorio mapuche independente, o goberno chileno crea, po lei do 2 de xullo de 1852, a provincia de Arauco. No seu artigo 1º, a Lei sinala:

“Establécese unha nova provincia co nome de provincia de Arauco, que comprenderá na súa demarcación os territorios de indíxenas situados ao sur do

(1) Mangiñ Wenu, 1860: *Carta ao presidente da República de Chile, Manuel Montt, Mapú, setembro 21 de 1860*, en *El Mercurio*, Valparaíso, 13 de maio de 1861. O botín dunha soa destas expedicións podería ser considerable. Na crónica dunha razzia comandada polo xefe do exército da fronteira en persoa, xeneral José Manuel Pinto, podemos seguir as etapas do saqueo: “... atravesamos os esterios Chucanco e Dhauco chegando ás 5 pm ao Quino, e na súa beira arraxamos o noso campamento. Os indios amigos que nos acompañaban atravesaron o esteiro e véuselless volver unha hora despois cun rabaño de 300 ovellas que foron repartidas á tropa. [...] Pouco antes de chegar a Quillén saíu a roldar unha pequena partida que volveu dúas horas despois con algunhas vacas, oito cabalos e 800 ovellas. [...] Ao amencer emprendemos a marcha polo camiño de Chaquenco e Longinay, e despois de percorrer unha legua atopámonos ás 9 am coa división do coronel González que viña de regreso con 400 animais vacúns, así como 600 ovellas e 100 cabalos. [...] Puxémonos en marcha polo camiño de Quilapán que vai polas proximidades do río Cautín ata que chegamos a Loncoche onde acampamos, collendo neste punto unha chinesa co seu netiño, como 100 animais vacúns e 400 ovellas. [...] Outra das divisións, a que mandaba o maior Fuenzalida, pasou o esteiro máis abaixo sen dificultade, habendo morto antes nunha emboscada a un indio e tomado como 1.200 ovellas que foron pasadas a coitelo. [...] O capitán Saez pediu permiso para seguir cos seus lleulles e indios amigos uns rastros frescos de animais vacúns que ían cara ao oriente en dirección ao volcán Llaima. Volveu catro horas despois con 600 animais vacúns e 100 eguas...”. Cf. *El Independiente* 1869: *Diario da expedición ultra-Cautín*, en *El Independiente*, Santiago de Chile, 1869. Correspondencia subscrita en Angol, 23 marzo 1869.

Biobío e ao norte da provincia de Valdivia, e os departamentos ou subdelegacións das provincias limítrofes, que, ao xuízo do presidente da República, convén ao servizo público engadir polo de agora [...] Os territorios habitados por indíxenas e os fronteirizos suxeitaranse ás autoridades e ao réxime que, atendidas as súas circunstancias especiais, determine o presidente da República”.

Nos feitos, esta nova provincia non terá efectos prácticos, posto que o Estado estaba lonxe de controlar o territorio que supostamente cubría. Uns meses despois o Executivo considerará necesario precisar, por decreto do 7 de decembro do mesmo ano, que “*o territorio comprendido entre o Biobío e o Toltén e entre os Andes e a Cordilleira da Costa, será rexido como territorio fronteirizo. O mesmo se observará co comprendido entre o Carampangue e o Toltén, a Cordilleira da Costa e o mar*”.

A partir de 1862, Chile inicia unha campaña militar de ocupación, coñecida como “Pacificación da Araucanía”. Xa non se trata da instalación de algúns fortes na liña de fronteira, senón da ocupación militar de todo o territorio mapuche. Esta campaña comezou co avance da liña de fortes dende o río Biobío ata o río Malleko, fundándose os pobos de Mulchen e Angol, e na costa Lebu. Neste mesmo período no Puelmapu, as provincias arxentinas limítrofes, en particular Bos Aires e Córdoba, proseguen a súa expansión nas pampas do sur por medio de adiantamentos graduais da liña de fortes. Coa reunificación federal de 1864, os exércitos provinciais son substituídos por un exército nacional, o que a partir de 1878, coa denominada “Campaña do Deserto”, inicia a conquista de todo o territorio mapuche ata os ríos Negro e Limay.

As dúas principais parcialidades mapuches da Araucanía, os *naqche* e os *wenteche*, adoptaron unha postura oposta fronte ao avance chileno. Esta diverxencia tiña a súa orixe na época da guerra de independencia de Chile, cando as agrupacións *naqche*, dirixidas polo *logko Kolüpi*, aliábanse coas forzas independentistas, mentres que os *wenteche* de Magiñ Wenu facían coas realistas.

Unha vez consolidada a súa independencia, Chile mantivo a súa alianza con Kolüpi, apoiándoo con soldados e recursos tanto para exercer a súa hexemonía entre os *naqche* como para manter as súas guerras contra os *wenteche*. A partir do inicio da ocupación militar, os *wenteche*, agora dirixidos por Külapag (fillo de Magiñ Wenu), combaten na liña do Malleko, obtendo a última gran victoria mapuche fronte ao exército chileno na batalla de Kechurewe, en 1868. Noutras zoas, as propias autoridades mapuche entregaban terras para a instalación de fortes, como forma de evitar o enfrontamento e a dominación total. Por outra banda, os *lafkenche* na costa e *pewenche* na cordilleira, mantivéronse por distintas circunstancias, máis ou menos á marxe do conflito.

Como toda guerra de ocupación, a conquista chilena foi cruenta. O intendente da provincia de Arauco, Vicente Villalón, ou o xeneral José Manuel Pinto, por exemplo, eran verdadeiros criminais, incluso para os criterios da época. A medida que avanzaba a ocupación dende o norte, a limpeza étnica mediante masacres de poboacións, o saqueo do gando (ou a matanza do que non podíanse levar os soldados

chilenos e os seus auxiliares), sen esquecer o roubo das xoias de prata, o incendio das casas e a destrución das sementeiras, empurraba á poboación supervivente cara o Sur. As testemuñas do século XIX abundan en relatos desta “pacificación”. Os miles de guerreiros mortos defendendo a súa terra e familias, de nenos, mulleres e anciáns masacrados, significou unha enorme sangría demográfica para o pobo mapuche. Vastas zonas do País Mapuche atopáronse ao final da guerra despoas, os campos desbastados, o gando saqueado, a base económica da sociedade mapuche destruída.

En plena Guerra do Pacífico contra Perú e Bolivia (1879-1883), o goberno chileno avanza unha segunda liña de fortes dende o río Malleko ata o río Kaqtün. É a etapa final da guerra do Estado chileno en contra do pobo mapuche, que conclúe coa invasión total. En 1881, o fracaso do ataque mapuche ao recién fundado forte de Temuko, marca o fin da resistencia armada, dándose a partir de entón só actos illados que se prolongaron ata 1883. Nun contexto de tal debilitamento mapuche que, cando o exército chileno ocupa as ruínas de Villarrica en decembro de 1882, non debe facer fronte a ningunha resistencia militar. No Puelmapu, as sucesivas derrotas fronte ás forzas arxentinas culminaron coa rendición de Sayweke (1º de xaneiro de 1885), rematando así a última resistencia armada mapuche.

Colonización da Araucanía e minorización dos mapuche

A derrota militar en ambos lados da Cordilleira dos Andes tivo como consecuencia a división do pobo mapuche por dous Estados, a espoliación territorial, a destrución da base económica gandeira e comercial e o debilitamento da estrutura social. O pobo mapuche pasou da condición de nación libre, soberana no seu propio país, á condición de pobo subordinado e colonizado.

Co obxecto de liberar terras para a colonización, o goberno chileno promulga en 1866, a chamada Lei de Radicación. Esta lei, que previa a concentración da poboación mapuche en reducións, non puido ser aplicada ata o remate da guerra. Entre 1883 e 1929, o Estado creou unhas 3.000 reducións, outorgando Título de Merced só sobre 500.000 hectáreas de terras. Esta superficie é claramente insuficiente; hai que considerar que corresponden só ao dez por cento do territorio mapuche anterior da invasión chilena. Por si solas, estas cifras ilustran a magnitude do despoxo.

A colonización chilena, que acompañaba e a veces ata precedía á ocupación militar, cedo comezou a producir os seus efectos. A fundación de fortes, que converteríanse en pobos e cidades, a espoliación da maior parte das terras e a instalación nelas de colonos chilenos e europeos, provocaron unha alteración na composición demográfica do País Mapuche. A minorización dos mapuche no seu propio territorio bloqueará, dun xeito decisivo aínda que non irreversible, toda posibilidade para unha existencia nacional propia. Un cuarto de século despois de consumada a conquista,

cando por primeira vez, en 1907, é censada a poboación mapuche; a nivel do Estado existe plena conciencia da importancia xeopolítica disto:

“Pero se a poboación indíxena da Araucanía non semella en vías de extinguirse, si a súa fusión cos demais elementos étnicos non consumouse na proporción que fora de desexarse, en cambio, deixou definitivamente de formar un todo compacto, unha nación coas súas “fronteiras” definidas, como o foi ata fai un cuarto de século. Os 101.118 araucanos viven diseminados entre a poboación civilizada de seis das provincias máis ricas de Chile. Botando unha ollada rápida ao censo indíxena, verase que só nun departamento, no de Imperial, forman os araucanos a metade da poboación e que non hai na República a máis pequena porción de territorio que estea poboada exclusivamente por eles”⁽²⁾.

A minorización veuse acelerada nas primeiras décadas do século XX, coa emigración fora do País Mapuche dunha poboación empobrecida, confrontada a unha escaseza de terras agravada coa usurpación por colonos e latifundistas dunha parte importante das que o Estado deixara, de acordo a súa propia legalidade, como propiedade das reducións mapuche. Víctima da usurpación, da discriminación e violencia, a poboación mapuche non atopa tampouco amparo na policía nin na xustiza, corrompidas e coludidas cos asasinados e usurpadores.

Neste proceso de emigración, que afecta principalmente ás xeracións mozas, dará por resultado a formación dunha importante diáspora, sobre todo en Santiago. Alí, nun ambiente alleo e hostil, desarraigada culturalmente, cun manexo escaso ou deficiente do castelán, a primeira xeración inmigrante insertarase economicamente como man de obra barata, o que xunto cos prexuízos racistas, empuxará ao illamento social do grupo. Para as xeracións seguintes, a persistencia dos prexuízos racistas será un factor que dificultará unha real integración social, afectando incluso –e sobre todo– a aqueles sectores que van alcanzando unha mellor inserción económica. Nun contexto de forte asimilación cultural, con perda da lingua desde a primeira xeración nada en Santiago, a continuidade dos prexuízos racistas dominantes na sociedade chilena será un factor importante no mantemento dunha identidade mapuche no medio urbano.

As orixes do movemento mapuche: modernidade e tradición

O 3 de xullo de 1910 é fundada en Temuko a primeira organización mapuche, a Sociedade Caupolicán Defensora da Araucanía (SCDA), inaugurándose unha nova etapa na historia mapuche. Varios dos seus fundadores son persoas que inicialmente habían sido escolarizadas e que provían directamente dalgunhas das grandes e nomeadas familias mapuche do século XIX. É o caso do seu primeiro presidente,

(2) Comisión Central do Censo 1910: *Memoria de la Comisión Central del Censo*, en Censo de 1907, Santiago de Chile, 1911, p.xxiv.

Manuel Nekulmañ, primeiro profesor normalista mapuche que, logo de titularse en Santiago, xa en 1882 creou a primeira escola no recién fundado forte de Temuko. Manuel Mañkelef e Arturo Wenchullan, que posteriormente ocuparon cada un a presidencia da organización, eran tamén profesores.

A SCDA nace nun contexto de minorización do pobo mapuche no seu territorio, de racismo e violencia colonial. En 1913, uns colonos italianos marcan a fogo na nádega a Juan Paynemal, membro dunha importante familia de Chollcholl. A “marcación Paynemal” impacta profundamente á poboación mapuche. Nun mitin convocado pola SCDA en Traytrayko (Nova Imperial), entre 3.000 e 4.000 persoas enchen a praza do pobo. Asisten os dirixentes Nekulmañ e Mañkelef. O discurso de Onofre Kolima, outro dirixente da organización, expresa sen dúbida o sentimento de moitos ante a covarde e humillante agresión:

“Os araucanos que pacificamente deixaron despoxarse das súas terras, que sen unha queixa viron talar os seus campos, incendiar a súas rukas e vexar as súas mulleres polos espoliadores amparados moitas veces polas autoridades, non puideron permanecer impasibles ante esta última afrenta”⁽³⁾.

En 1916, Manuel Aburto Pagilef, mozo pastor anglicano, funda en Logkoche a Sociedade Mapuche de Protección Mutua. Esta organización transfórmase, durante o Primeiro Congreso Araucano, convocado por Aburto Pagilef en Kollimalliñ, en decembro de 1921, na Federación Araucana. O seu primeiro e único presidente será Manuel Aburto Pagilef. Ligando a identidade mapuche cun misticismo relixioso que combinaba cristianismo e relixiosidade mapuche, a FA despregou unha intensa mobilización centrada na ritualidade tradicional.

A SCDA e a FA marcarán profundamente ao movemento mapuche nos seus orixes. Por máis de vinte anos, a vida política mapuche articularase en torno a estas dúas organizacións. A primeira representará unha corrente “modernizadora”, laica e democrática. A segunda, unha corrente tradicionalista e relixiosa, organizada en torno a un líder carismático. Ambas serán capaces de organizar actos e manifestacións con miles de participantes, alcanzando un verdadeiro protagonismo político.

En 1918, outra organización, a Moderna Araucanía, ligada á Igrexa Católica, é fundada en Kunko por Antonio Chiwaylaf, profesor na escola local e membro dunha importante familia do lugar. Se ben a MA aspira a ser unha organización nacional mapuche, como a SCDA e a FA, a súa implantación non excederá o sector de Kunko. Máis tarde, en 1926, o misioneiro capuchino Guido Beck de Ramberga creará a Unión Araucana. A nova organización será presidida igualmente por Antonio Chiwaylaf, que seguirá presidindo ao mesmo tempo a MA. Creada para contrarrestar a influencia do Partido Comunista no movemento mapuche, a UA destacarase polos seus ataques a dirixentes das outras organizacións, como Arturo Wenchullan, da SCDA, ou Manuel Aburto Pagilef. Tanto a MA como a UA terán, en definitiva, unha influencia bastante limitada.

(3) La Época, Temuko, 8 de xullo de 1913.

Xunto ao xurdimento das primeiras organizacións, hai que destacar a rápida incursión nas eleccións de candidatos mapuche. En 1924 é electo, como candidato polo Partido Demócrata, o primeiro parlamentario mapuche da historia, Francisco Melifilu. Posteriormente serán elixidos Manuel Mañikelef polo Partido Liberal Democrático en 1926 e Arturo Wenchullan polo Partido Democrático en 1932. Se ben estes parlamentarios localizáronse dentro das correntes políticas chilenas da época, a súa actividade estivo centrada nas discusións en torno á lexislación indíxena e ás necesidades da poboación mapuche.

A primeira organización mapuche da diáspora da que se ten coñecemento é a Sociedade Pro-Defensa da Raza, fundada en Santiago en 1927. A pesar de que chegou a contar “*con 45 socios activos e moitos simpatizantes*”⁽⁴⁾, o grupo non dará proba dun gran dinamismo. Coa crise capitalista de 1929 abriuse un período de importantes mobilizacións sociais e forte inestabilidade política en Chile; en xuño de 1932, entre dous golpes de Estado, unha efémera República Socialista, presidida por un xeneral en retiro, gobernará doce días o país. Os membros da Sociedade, de simpatías socialistas, deciden entón crear unha nova organización, a Sociedade de Araucanos Galvarino. Esta fusionarase máis tarde coa Alianza Cultural Araucana, e co nome de Unión Araucana Galvarino converterase, por longo tempo, na máis importante e activa das organizacións da diáspora mapuche en Santiago.

Uns meses antes, en decembro de 1931, a Federación Araucana, que pasa por un período de aproximación ao Partido Comunista, había celebrado en Ragiñtulewfü o XI Congreso Araucano. Entre os acordos da reunión, hai dous que se destacan polo seu alcance político e nacional mapuche. O primeiro, relativo á “Nova organización da Araucanía”, propicia “... *a unificación total da raza nunha soa institución que comprenda no seu seno a todas as actuais organizacións, dirixida por unha xunta executiva e que conte con agrupacións nas distintas cidades e a través dos campos; dar á institución o carácter de partido de clases, unha liña revolucionaria de loita e conectar o movemento social indíxena co movemento obreiro e campesiño*”.

O segundo, “Sobre a República Indíxena”, constitúe a primeira proposta de autonomía territorial política na historia do movemento mapuche. Trátase dunha reivindicación propiamente nacional, dun primeiro paso no tránsito dun movemento mapuche de carácter comunitarista a un movemento mapuche de carácter nacional. O Congreso proclamou “... *como a manifestación da súa máis sentida aspiración a creación da República Indíxena onde a raza araucana poda desenvolver a súa vida de acordo coa súa psicoloxía, costumes e rituais; ser a dona da súa terra, ocupando as provincias nas cales podan vivir os seus cento cincuenta mil indíxenas (considerando as reservas para o crecemento da poboación), na que a súa educación sexa*

(4) HUAYQUIÑIR RAÍN, Carlos, 1966: *Reseñas históricas y nómina de sociedades indígenas de Chile, desde 1910 a 1966*, Arauco de Ayer y de Hoy, Santiago de Chile, 1966, vol 1, n° 1, p9.

orientada cara a realización do seu propio benestar; no que o pobo araucano se governe a si mesmo e que o seu progreso e cultura sexan creados por el mesmo"⁽⁵⁾.

A polémica é inmediata. Respondendo uns días máis tarde aos primeiros ataques da dereita, César Kolima, dirixente da FA, escribe no *Diario Austral* de Temuko:

"... Cando unha raza aceptou por longos e penosos anos unha mansedumbre envilecedora, deixando impasible que os seus dereitos sexan pisoteados, as súas casas incendiadas, os seus fillos masacrados, asasinados e mareados, e dun momento a outro na historia da súa vida logre adquirir a noción dos seus dereitos e propóñase empregar outros medios máis eficaces para a conquista deles (aínda que esta nova ruta signifique só unha inspiración, un ideal que se realizará no futuro), é fácil comprender que [...] se escandalicen e sentan desexos de polemizar".

Tanta halaraca, prosigue máis adiante *"... porque nun Congreso Araucano tenden os indíxenas a comprender os seus problemas, mirados cun criterio máis moderno e alentan como un ideal a formación dunha república, federada ao Estado, que sería unha realidade se algunha vez chegase a dársele outra estrutura á sociedade chilena"*⁽⁶⁾.

A Sociedade Caupolicán Defensora da Araucanía, pola súa parte, lanzará en novembro de 1932 a creación dun partido político mapuche. A prensa, ao darse conta do feito, sinala:

"Como consecuencia da actitude tomada pola raza aborixe nas loitas electorais próximas pasadas, coa presentación dun candidato netamente indíxena como o señor José Cayupi C (...) con absoluta abstracción de entidades políticas e echando man só das súas propias forzas, materializou a formación do Partido Único da Araucanía: o Partido Mapuche".

A pesar do fracaso da candidatura, os seus membros *"reafirmaron a súa disposición de continuar así no futuro e varrer para sempre coas forzas exteriores que habíana usado sempre como instrumentos"*⁽⁷⁾. Non obstante a vontade manifestada,

(5) A influencia comunista é unha vez máis evidente na continuación inmediata do texto: "Esta aspiración da raza será posible só coa alianza efectiva dos indíxenas, campesiños e obreiros, o día en que o proletariado chileno unido fraternalmente conquiste o poder e faga efectivas as súas xutas reivindicacións". Cf *Diario Austral*, Temuko, 2 de xaneiro de 1932. As explicacións do secretario xeral do Partido Comunista de Chile, Carlos Contreras Labarca, nunha reunión do Secretariado Latinoamericano da Kominter, esclarecen a política mapuche seguida pola súa formación naquel período: "En 1932 o Partido organizou unha conferencia na rexión de Boroa, tamén no Sur do país. Nesta conferencia, por primeira vez participamos coas forzas organizadas entre os indíxenas mapuches. Nesta conferencia os indíxenas mapuches aprobaron a proposición do Partido Comunista de apoiar eles as loitas dos obreiros e campesiños, así como a necesidade de entrar na loita polas súas propias reivindicacións, por crear unha República Araucana. Nesta conferencia un comunista mapuche propuxo crear un partido político mapuche. Pronunciámonos en contra desta proposición e non tivemos máis tendencias deste tipo". Cf CONTRERAS LABARCA, Carlos, 1935: *Transcripción de reunión do Secretariado Latinoamericano en Moscova, Kominter, 1935*, en ULIANOVA, Olga: *Levantamiento campesino de Lonquimay y la Internacional Comunista*", Estudios Públicos, Santiago de Chile, verán 2003, nº 89, p222.

(6) KOLIMA, César, 1932: *Carta al Diario Austral: Temuko, xaneiro 6 de 1932*, *Diario Austral*, Temuko, 7 xaneiro 1932.

(7) SCDF 1932: *La Raza autóctona ha fundado el Partido Mapuche: Con fecha 27 de noviembre próximo pasado*, en *Diario Austral*, Temuko, 6 de decembro de 1932.

esta primeira iniciativa por romper a dependencia política cos partidos chilenos, en particular no terreo electoral, finalmente non prosperou.

A hexemonía da Corporación Araucana

O 17 de abril de 1938 créase en Temuko o Fronte Único Araucano (FUA), que agrupa a asociacións e militantes de esquerda. Esta organización estivo asociada ao Fronte Popular. Os seus dirixentes principais foron Gregorio Seguel Capitán e Andrés Chipaylaf Wenulef.

O FUA debía servir para facilitar ao Goberno a realización do programa agrícola, de alfabetización e estímulo aos pequenos agricultores mapuche. A morte do presidente Pedro Aguirre Cerda, en novembro de 1941, será un factor importante no seu decaemento.

O 12 de novembro de 1938, en Temuko, coa fusión da SCDA e a FA, ademais doutras asociacións máis pequenas, créase a Corporación Araucana. Esta organización converterase na máis grande e influente da época, hexemonizando durante vinte anos o movemento mapuche. O seu principal dirixente foi Venancio Koñwepan, que viña da SCDA. Manuel Aburto Pagilef, que nos seus inicios foi tamén parte do directorio, desaparece pouco a pouco da escena pública. Outros destacados dirixentes foron José Kayupi, Esteban Romero e Abelino Obando, todos provenientes igualmente da SCDA.

Aliada coa dereita, a CA logrou desenvolver unha exitosa estratexia de empoderamento institucional. En 1945, co apoio do Partido Conservador, é elixido deputado Venancio Koñwepan, sendo reelixido en 1949. Aliado pola súa parte coa esquerda, o FUA non tivo nin a forza nin a cohesión para facerlle fronte. Anos máis tarde, algúns dos seus dirixentes e militantes participarán na fundación, en 1953 en Temuko, da Asociación Nacional Indíxena. Próxima ao Partido Comunista, a ANI representará unha oposición de esquerda a Koñwepan e a CA.

Na elección presidencial de novembro de 1952, a CA apoia a candidatura do populista Carlos Ibáñez do Campo, un xeneral do Exército que había gobernado como ditador entre 1927 e 1931. O ano que segue á vitoria do ex militar, Venancio Koñwepan é nomeado ministro de Terras e Colonización. Nese mesmo ano, a organización alcanza os seus maiores éxitos electorais. Son electos dous deputados: José Kayupi e Esteban Romero, e 15 rexidores. Este poder permitiu á CA obter, por decreto lei de 25 de abril de 1953, a creación da Dirección de Asuntos Indíxenas, un dos principais puntos do seu programa.

Esta institución, dependente do Ministerio de Terra e Colonización, asumiu todas as materias relativas ás comunidades mapuche e, sobre todo, logrou paralizar a súa división, promovida polo Estado a partir da primeira lei de división das reducións, en 1927, e esixida por sectores agrícolas e empresariais da rexión.

A forza e influencia alcanzadas pola CA xeraron unha forte hostilidade en empresarios e latifundistas locais, que esixían non só a división das comunidades, senón a derogación de toda lexislación indíxena protectora. O obxectivo era poñer as comunidades baixo a lei común, someténdooas ao réxime de tributacións. A CA foi tamén obxecto de críticas e ataques por parte doutras organizacións mapuche. Nunha carta ao deputado Ernesto Araneda, destinada a ser lida na Cámara, Antonio Chiwaylaf, en representación dun denominado Consello Nacional de Asuntos Indíxenas, denuncia a Koñwepan:

“El quérenos arrastrar, como o predica en mapuche, a unha organización que será un Estado dentro do Estado chileno, que terá unha autoridade sen cuxo control nada deben facer as autoridades chilenas; unha organización que, politicamente, forme un partido único araucano, impedíndose con isto ao indíxena formar parte de calquera dos tantos outros partidos políticos chilenos; obrigándoselle a suxeitar a súa conciencia e o seu criterio ao pouco edificante que ten o señor Coñuepán nesta materia”⁽⁸⁾.

Martín Paynemal, presidente naquela época da Asociación Nacional Indíxena, explica, varios anos máis tarde:

“... Non houbo entendementos con eles porque eran racistas, pura raza indíxena. Dicían que nós estábamos servindo aos huinca, que éramos os seus instrumentos. Coñuepán propagaba moito a cuestión racista, porque así gañaba simpatía para ser candidato. Nós dicíamos que non había por que estar á parte, que había que se unir fraternalmente coa clase obreira... El combatíanos, dicía que éramos extremistas”⁽⁹⁾.

Nun contexto de maior influencia da esquerda na política chilena e rexional, a forza, o prestixio e o poder da CA comezan a debilitarse. Nas eleccións parlamentarias de 1957, ante a falta de acordo interno, a CA termina levando tres candidatos. A dispersión da votación provoca a derrota dos tres, perdéndose os dous escanos obtidos nas eleccións anteriores.

A crise agudízase coa crítica de sectores mozos e profesionais da CA ao caudillismo dos seus dirixentes. En 1958 unha parte dos membros rompe coa organización, creando a Nova Sociedade Lautaro, dirixida por Antonio Mulato Ñunke. Ese mesmo ano, a NSL apoia a candidatura presidencial de Eduardo Frei Montalva, do Partido Demócrata Cristián, mentres a CA apoia ao candidato de dereita Jorge Alessandri. A vitoria deste último non será suficiente para deter a decadencia da CA, a que en adiante só terá unha influencia marxinal no movemento mapuche. Koñwepan sairá electo deputado de novo en 1965, pero o seu discurso e a súa labor, ata a súa morte en 1968, xa non estará asociada ás contendas mapuche.

(8) Actas Parlamentarias: Sesión 46.a Ordinaria, martes 25 de agosto de 1953, p.2.180.

(9) FOERSTER, Rolf, 1983: *Martin Painemal: Vida de un dirigente mapuche*, Santiago de Chile, Grupo de Investigacións Agrarias, 1983, pp80-81.

A hexemonía da esquerda chilena

Co derrube da CA ábrese un novo período. O movemento mapuche, como tal, será en adiante débil, con escaso protagonismo político. Existirán organizacións locais, rurais e urbanas, pero por vinte anos non haberá ningunha organización nacional. Isto non significa que o pobo mapuche non participe nas loitas políticas e sociais, e en particular na loita pola terra, pero faino a través de estruturas estatacionais como sindicatos e partidos chilenos, e non a través de organizacións propias.

Prisioneiro dunha visión clasista esquemática, o PC reducirá a cuestión mapuche a súa soa dimensión campesiña. A fusión, en 1961, da Asociación Nacional Indíxena cos outros tres sindicatos campesiños controlados polo PC, deu nacemento á Federación Campesiña e Indíxena de Chile.

A través da FCICH e os sindicatos controlados polo Partido, os comunistas apoiarán as loitas e mobilizacións dos comuneiros mapuche, pero considerados como campesiñado indíxena, impulsando a súa sindicalización e, durante o goberno de Allende, a súa participación nos Consellos Comunais Campesiños. Isto non impediu ao PC apoiar a organización de grupos e asociacións locais mapuche, principalmente campesiñas, pero sempre dentro dun esquema de alianza de clases entre o campesiñado e a clase obreira. Nun discurso ao XIV Congreso do Partido Comunista, realizado a fins de 1969, Rosendo Huenuman expón, como comunista mapuche, a posición da súa colectividade:

“... Huincas e mapuches somos unha soa clase social (huinca é co compañeiro non mapuche, o momio non se denomina huinca), explotada e asoballada polo mesmo inimigo: o terratenente, quen cos seus tentáculos de polbo, apoltronado na banca, nas grandes sociedades monopolistas e unido ao imperialismo norteamericano, son os que teñen arruinada a economía do noso país e sometido no seu conxunto á miseria na que hoxe se debate [...]”

Habendo na provincia de Cautín 2.024 reducións que son agrupacións familiares, nós orientándoas na liña do Partido, consideramos que é necesario ir á formación dunha célula en cada redución para integralos no sindicato campesiño, reunindo cinco ou máis comunidades indíxenas xunto ao asalariado agrícola, ao mediero, inquilino e ao pequeno propietario non mapuche”⁽¹⁰⁾.

Sen adherir, por suposto, a análise clasista do PC, a posición da democracia cristiá non é menos reducionista. Grazas ao seu control da Confederación Nacional Campesiña, a DC conta cunha sólida implantación no campesiñado. A partir da elección como presidente da República do demócrata cristiá Eduardo Frei, en 1964, o partido dispón ademais dos organismos do Estado relacionados co agro e o mundo campesiño. A pesar disto, a DC non buscará tampouco crear unha estrutura organizativa particular para os mapuche.

(10) HUENUMÁN, Rosendo, 1969: *Debe incorporarse al mapuche a la Reforma Agraria*, El Siglo, Santiago de Chile, 5 decembro 1969.

En realidade, ningún dos partidos da época impulsou a creación de organizacións mapuche, e menos aínda de carácter nacional. Só o Partido Comunista Revolucionario, unha pequena pero activa formación maoísta, creará, a fins dos anos sesenta, unha estrutura satélite, a organización Netuain Mapu.

Un factor que contribuíu a intensificar a loita mapuche pola terra, foi a Reforma Agraria. Iniciada –moi timidamente– no goberno de Jorge Alessandri (1958-1964), ela é en parte resultado da política de Estados Unidos e a súa Alianza para o Progreso en América Latina. O obxectivo é provocar cambios graduais na estrutura agraria latinoamericana e así contrarrestar os efectos “contaxiosos” da revolución cubana. A diferenza doutros países, a reforma agraria chilena foi iniciada “dende arriba”, polo propio Estado, máis que como resposta á mobilización e demandas das bases campesiñas. O seu propósito era modernizar tanto as actividades agrícolas como as relacións sociais nun contexto de relativo desenvolvemento industrial.

É co goberno demócrata cristián de Eduardo Frei Montalva (1964-1970), que pódese falar realmente de Reforma Agraria. Aumenta a distribución de terras e consolídase a participación campesiña, mediante a creación de cooperativas, asentamentos e sindicatos. O proceso afóndase durante o goberno da Unidade Popular, do presidente socialista Salvador Allende (1970-1973), radicalizándose a través dun importante movemento de ocupación de terras.

O programa da UP prevé a promulgación dunha nova Lei Indíxena, a que deberá contemplar a creación dun Instituto de Desenvolvemento Indíxena. As organizacións mapuche colócanse nesta perspectiva. Realízanse dous congresos mapuche, un en Ercilla, en 1969, e o segundo en Temuko, en decembro de 1970. Neste último, o presidente Allende, que acaba de asumir, recibe as propostas para ser consideradas na elaboración dunha nova lei indíxena, en especial o relacionado coa creación dunha Corporación de Desenvolvemento Mapuche.

As recuperacións das terras usurpadas ás comunidades comezaran antes das eleccións, pero no verán de 1971 transfórmanse nun movemento masivo. A violencia do conflito con colonos e latifundistas chegou a tal, que o Ministerio de Agricultura instalouse durante máis de dous meses en Temuko, para tratar de responder ás demandas mediante rápidas medidas de expropiación.

A Lei nº 17.728, de setembro de 1972, reflicte esta visión de carácter campesiño da cuestión mapuche predominante en comunistas e socialistas, os dous piares da coalición de esquerda gobernante. O Instituto de Desenvolvemento Indíxena, creado pola lei, depende do Ministerio de Agricultura, e ten por principais obxectivos “promover o desenvolvemento social, económico, educacional e cultural dos indíxenas e procurar a súa integración á comunidade nacional, considerando a súa idiosincrasia e respectando a súas costumes” (Art. 34).

A nova lei está centrada na ampliación das terras das comunidades. Non se prevé ningún tipo de medida en relación ás linguas indíxenas; nun só artigo figura a noción de “idioma aborixe”, e isto dun xeito tanxencial, como un dos criterios que

entran na definición legal do “indíxena”. “Cultura” tamén aparece unha soa vez, e non está claro que se refira a cultura “aborixe”: “Será obrigación do Instituto promover a educación profesional e técnica dos indíxenas, desenvolver a cultura e a artesanía e estimular o súa gradual integración ás diversas actividades nacionais con plenitude de dereitos e responsabilidades” (Art. 68).

Esta lei permitirá a recuperación polas comunidades de miles de hectáreas usurpadas. Jacques Chonchol, ministro de Agricultura da época, calcula o total en máis de 80.000 hectáreas⁽¹¹⁾, na súa maioría expropiadas despois de haber sido recuperadas pola forza polos comuneiros. Estas recuperacións foron organizadas na súa maioría polo Movemento de Esquerda Revolucionaria (MIR), a través do seu fronte campesino, o Movemento Campesino Revolucionario (MCR), que apoiouse na combatividade dos comuneiros mapuche para implantarse politicamente. Nelas participaban tamén militantes –mapuche e chilenos– do Partido Socialista e doutros partidos pequenos de esquerda e extrema esquerda.

Está claro que, no período da UP, os partidos de esquerda e, en particular, o MIR, teñen unha hexemonía sen contrapeso nas mobilizacións mapuche pola recuperación das súas terras usurpadas, controlando ademais gran parte das asociacións locais mapuche, no Wallmapu e na diáspora. Todos teñen en común unha visión reduccionista da cuestión mapuche, baseada na idea, seica marxista, que a loita política ten como único fundamento a loita de clases e a consciencia de clase⁽¹²⁾.

O movemento mapuche, baseado no grupo étnico e a identidade étnica, atópase atomizado, nunha situación de subordinación. Só a Federación Universitaria Indíxena (FUI), dirixida por militantes de esquerda, cumpre un rol aglutinador nacional mapuche, por sobre as fronteiras partidarias chilenas. Presidida por Jaime Huenchufiñ, a organización fúndase en Temuko en setembro de 1967, a partir do Grupo Universitario Indíxena, que existía desde novembro de 1966. Xunto á FUI fórmase unha directiva de estudantes secundarios, presidida por Ramón Tranamil, do Instituto Superior de Comercio de Temuko. Dada a proximidade entre ambas estruturas, a organización será coñecida como Federación de Estudantes Indíxenas (FEI), agrupando a un importante continxente de estudantes mapuche, sobre todo en Temuko.

En 1971, un grupo de estudantes de esquerda crea, en Santiago, o Pamachi, o Partido Mapuche de Chile. Esta nova tentativa de creación dun partido mapuche finalmente tampouco prosperará.

(11) CHONCHOL, Jacques, 2003: *La Unidad Popular y el agro*, Revista Alternativa, Santiago de Chile, ICAL, 2003, n° 20.

(12) Os traballos de Alejandro Saavedra, que serven de fundamento á política do MIR con respecto aos mapuche, ou de Bernardo Berdichevsky, entón próximo ao Partido Comunista, son un bo exemplo deste tipo de enfoque. Cf SAAVEDRA, Alejandro: *La Cuestión mapuche*, Santiago de Chile, ICIRA, 1971; BERDICHEWSKY, Bernardo: *Etnicidad y clase social en los mapuches*, Araucaria de Chile, Madrid, 1980, n° 9. Sen embargo, noutras latitudes, o pensamento marxista había desenvolvido, incluso nas súas variantes máis dogmáticas, unha importante produción teórica sobre a denominada “cuestión nacional”, ou segundo o punto de vista, “das nacionalidades”. Por outra banda, na Unión Soviética, modelo explícito ou implícito para boa parte da esquerda chilena daquela, habían “nacionalidades” y “minorías nacionais”.

Nas eleccións parlamentarias de marzo de 1973 é elixido como deputado o militante comunista mapuche Rosendo Huenumán. Isto reflicte o avance da esquerda en toda a rexión, asemade, medra o peso do electorado mapuche. O golpe de Estado de extrema dereita do 11 de setembro de 1973, que interrompe traxicamente a experiencia da UP ao mesmo tempo que destrúe a democracia chilena, truncará o logro dunha representación mapuche de esquerda no Parlamento.

Víctor Naguil é profesor de Historia e Xeografía, máster en Ciencia Política pola Universitat Autònoma de Barcelona, e responsable de Relacións Internacionais de Wallmapuwen, partido autonomista mapuche. Temuko, Wallmapu, abril küyen 22, 2008.